

1ª ACTIVIDADE PORTFOLIO DE INFANTIL do CEIP SAN MARCOS DE ABEGONDO Curso 2010/11	
TÍTULO DA ACTIVIDADE	O SAMAÍN da man do HALLOWEEN
IDIOMAS	X GALEGO <input type="checkbox"/> FRANCÉS X CASTELÁN <input type="checkbox"/> OUTRAS LINGUAS: X INGLÉS
PROFESORADO IMPLICADO	<i>María Aba Varela</i> (titora) <i>Gloria Rodríguez Doel</i> (especialista de inglés) <i>Rocío Iglesias Argüelles</i> (titora- coordinadora do grupo Portfolio)
DESCRITORES A TRABALLAR	Nas linguas ambientais: <ul style="list-style-type: none"> - Expresión oral e escrita de vocabulario relacionado co Samaín. Na lingua estranxeira: <ul style="list-style-type: none"> - O descriptor indicado anteriormente será desenvolvido a un nivel A1
DESTREZAS QUE SE INCLÚEN	x COMPRENDER: x comprensión auditiva / x comprensión lectora x ESCOITAR x FALAR: x expresión oral / <input type="checkbox"/> interacción oral x LER x ESCRIBIR: x expresión escrita*
OBXECTIVOS	Nas linguas ambientais: <ul style="list-style-type: none"> - Coñecer vocabulario relacionado co Samaín: meiga, bruxa, búho, curuxa, morcego, cabaza. - Coñecer a tradición celta e a súa influencia en Galicia e nos países do Reino Unido: A lenda das cabazas, Jack Lantern. Na lingua estranxeira: <ul style="list-style-type: none"> - Coñecer vocabulario relacionado co Halloween: witch, owl, bat, pumkin.
MATERIAIS	Debuxos sobre o vocabulario proposto. Etiquetas en branco para que o alumnado exprese por escrito o vocabulario aprendido.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE	<p>Nas linguas ambientais:</p> <p>A. Facilitaranse textos informativos sobre as diferentes tradicións (A lenda das cabazas en Galicia e a Historia de Jack Lantern no Reino Unido).</p> <p>B. Lectura dos mesmos.</p> <p>C. Traballo de comprensión oral.</p> <p>D. Traballo de comprensión escrita.</p> <p>E. Expresión escrita do mesmo vocabulario (pero en galego e castelán) presentado na lingua estranxeira.</p> <p>Na lingua estranxeira:</p> <p>A. Con Flashcards traballaremos o vocabulario elixido para aprendelo a nivel oral e escrito.</p> <p>B. Presentaremos debuxos alusivos ao vocabulario por aprender e os alumnos os colorearán.</p> <p>C. Unha vez aprendido o vocabulario aprenderán a expresalo por escrito.</p> <p>Común a todas as linguas:</p> <p>A. Relacionaremos o vocabulario aprendido coas historias traballadas.</p> <p>B. Confección dun mural co vocabulario traballado en todas as linguas.</p>
AVALIACIÓN: Seguimento	<p>En caso de actividades orais, as correccións , se fose preciso, levaranse a cabo tras a intervención dos diferentes membros do grupo para conseguir unha corrección inmediata e unha boa aprendizaxe.</p> <p>No caso de actividades escritas o profesor deixará un tempo para a realización das mesmas. Sendo a corrección proposta por todo o grupo e concretada polo profesor.</p>
AVALIACIÓN: Nivel de participación	<p>Participan activamente todos os nenos e nenas de 2º nivel de Educación Primaria. Expresando entre todos o seu nivel de satisfacción unha vez rematada a actividade.</p>
IMPACTO PREVISTO	<p>O nivel de implicación do alumnado é importante o que axudará á permanencia do aprendido e a extrapolación a outras materias tales coma Coñecemento do Medio.</p>

* Lembrámosvos que o PEL de Infantil abrangue ata os 8 anos, sería nas derradeiras etapas deste nivel (de 6 a 8 anos) onde se recollería o apartado de escribir.